

GREGO II  
Bacharelato LOXSE  
Curso 2009-2010

### CAMBIO NA PROGRAMACIÓN DO CURSO E NAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

Por suxerencia de colegas da Filoloxía Grega no Bacharelato e na Universidade e, polo que teño entendido, en paralelo co que se fai na Filoloxía Latina, introduzo na nosa programación de curso 2009 – 2010 e mais das PAU o cambio de que a lectura de ARISTÓFANES, NUBES pase a ser ARISTÓFANES, ASEMBLEÍSTAS ou ASEMBLEA DAS MULLERES, obra cunha temática de actualidade indiscutible.

A razón do cambio é que en marzo de 2010, no Teatro Gustavo Freire de Lugo, vaise representar *Asembleistas* no marco do Festival de Teatro Greco-Latino que organiza a Delegación de Galicia da SEEC, un Festival xa veterano e ó que no curso pasado asistiron arredor de 4.500 alumnos de Grego, Latín e Cultura Clásica de centros educativos de Galicia. Parece oportuno aproveitar o teatro para gozar e entender mellor a obra.

De *Asembleistas* hai tradución galega (de M<sup>a</sup> Teresa Amado) en *Aristófanes*, colección *Clásicos Galegos* de Xunta de Galicia – Editorial Galaxia. Traducións castelás: Cátedra, 1991 (R. Adrados); Bosch 1977 (López Eire); Ediciones Clásicas 1993 (Macía).

Santiago 29 de xullo de 2009

Juan J. MORALEJO  
Coordinador

### ***NOTA SOBRE A PROGRAMACIÓN DOS CURSOS***

*Ó xa dito sobre as opcións de autores que se van traducir, A Xenofonte e B Platón, engadimos que no apartado de obras literarias, que, previa unha presentación polo profesor, o alumno debe ler e que nas paau serán contido da pregunta nº 4, de resposta obrigatoria e non optativa, a lista é: a) Homero, Iliada, cantos I, VI, XVI, XXII, que condensan ben o argumento, ambiente e espírito da obra; b) os fragmentos dos poetas líricos Safo, Alceo e Arquíloco; c) Sófocles, Edipo Rei; d) Aristófanes, Nubes.*